

## ACTA DA ASEMBLEA XERAL DA F.G.P.

### 15/12/2018

En Pontevedra, sendo as 11,32 horas do día quince de decembro de dous mil dezaoto, reunidos @s señor@s sinalados o comezo da presente acta para celebrar Asemblea Xeral\_ da Federación Galega de Piragüismo, todos eles convocados polo Sra. Presidenta da Xunta Electoral da Federación Galega de Piragüismo, nas instalacións do Complexo Deportivo David cal de Verducido , tomando os seguintes acordos:

#### **ASISTENTES:**

#### **ESTAMENTO DE CLUBS:**

**Club Piragüismo Penedo-Teimporta:** D. Marcos Fortes Pereira.

**Club Tea de Mondariz Balneario:** D. Manuel Freiría Pérez.

**Club Fluvial Allariz:** D. José Manuel Fernández Ortega.

**Club Grupo Xuvenil As Pontes:** D. Ernesto Gancedo Herreras.

**Club Náutico O Muiño de Ribadumia:** D. José Manuel Vázquez Núñez.

**Club Escuela Piragüismo Ciudad de Pontevedra:** D. Oscar Ponte Baquero.

**CMDC Breogán do Grove:** D. Félix J. Lamas Gondar.

**Club Ría de Betanzos:** D. Pedro Arévalo Vázquez.

**Club Piragüismo As Torres-Romaría Vikinga:** D. Marcos Lorenzo Cerqueira.

**Club Kayak Tudense:** D. Diego Piña Esteves.

#### **ESTAMENTO DE DEPORTISTAS:**

**D. Jonathan Domínguez Rodríguez.**

**D. Jorge Dieguez Touceda.**

**D. José Jorge Carro Fernández.**

**D. Ignacio Clavo Iglesias.**

**Dona Paula Rodríguez Reguera.**

**Dona Angela Baulde Sumay.**

**D. Aarón Dieguez Buceta (DGAN).**

**D. Oscar Graña Blanco (DGAN).**

**ESTAMENTO DE TÉCNICOS:**

D. Miguel Angel Villanueva Pérez.

D. Juan José Costal Filgueira.

D. Diego González Vicente.

**ESTAMENTO DE ÁRBITROS:**

D. José Manuel Sánchez Moure.

D. Antonio Romero Vila.

Dona Bárbara Vázquez Torres.

**Iniciase a Asemblea con un total de vinteun membr@s acreditados, o longo da Asemblea incorporánsese máis membros, ate chegar os 24.**

Dase por constituída a Asemblea, tras dar conta o secretario da F.G.P. que tódolos membros electos aceptaron o seu cargo, mediante escrito dirixido a Xunta Electoral, en tempo e forma, tal e como se recolle no Regulamento Electoral.

Iniciase esta Asemblea con un total de 21 membros presentes, e coa Xunta Electoral realizando o sorteo de membros que forman a Mesa Electoral, acompañando a esta acta como Anexo I, a acta elaborada pola Xunta Electoral do sorteo e do resultado da mesma.

Composición Mesa Electoral:

Presidente: D. Juan José Costal Filgueira (Estamento Técnicos).

Secretario: D. Ignacio Clavo Iglesias (Estamento Deportistas).

Vocal: Club Ría de Betanzos-Pedro Arévalo Vázquez (Estamento Clubs).

**Procedese logo a “Elección de Presidente” da F.G.P. para o período 2018-2022, para o Presidente da Mesa Electoral da lectura a lista definitiva de candidatos, facilitada pola Xunta Electoral.**

Esta lista só recolle un candidato: D. José Alfredo Bea García e tal como se recolle no Regulamento Electoral no seu artigo 24, no punto 6; *“No caso de que se presentase unha soa candidatura, non se efectuara votación”*.

Polo que se proclama como Presidente da F.G.P. a D. José Alfredo Bea García.

Acto seguido tratase o punto de “Elección membros Comisión Delegada”, recordandolle aos presentes, que según o Regulamento Electoral estará formada por seis membros e o Presidente como membro nato da mesma.

Asimesmo, e según recolle o Regulamento Electoral, dase conta da composición da Comisión Electoral debe gardar a seguinte proporción:

- *Un terzo da Comisión Delegada debe ser designado polo titular da Presidencia da Federación (dous membros).*
- *Un terzo debe corresponder ás entidades deportivas, elixíndose esta representación por e de entre os mesmos (dous membros).*
- *Un terzo corresponderá aos demais estamentos (dous membros), en proporción a súa respectiva representación na Asemblea Xeral.*

Tras esta explicación dase lectura a lista definitiva de candidaturas presentadas en tempo e forma ante a Xunta Electoral:

- Club Fluvial de Allaríz (Estamento de Clubs).
- C.M.D.C. Breogán do Grove (Estamento de Clubs).
- Bárbara Vázquez Torres (Estamento de Árbitros).

Ante as candidaturas presentadas, a representación de clubs na Comisión Delegada xa está resolta; mentras que a dos outros estamentos tería xa un membro elixido polo estamento de árbitros e quedaría outro posto que debe cubrirse por un membro do estamento de deportistas ou do estamento de técnicos; polo que se pregunta aos presentes si alguén de estos estamentos quere presentar a súa candidatura.

Presenta a súa candidatura Paula Rodríguez Reguera (Estamento Deportistas), que ocupara o cargo na Comisión Delegada o non presentarse ningunha outra candidatura.

Quedando pendente o nombramento de dous membros máis da Comisión Delegada que deberán ser nomeados polo Presidente; presentándose como voluntarios para estos cargos: Oscar Graña (Estamento Deportistas) e Manuel Freiría (Tea de Mondariz) que propón a Marcos Fortes (Penedo Teimporta) para que o slalom este representado na Comisión Delegada.

O Presidente electo, dí que toma nota das propostas presentadas e que nuns días dará os nomeamentos definitivos, para completar a Comisión Delegada.

Polo que a Comisión Delegada queda composta, a falta dos dous membros que ten que nomear o Presidente:

- Club Fluvial de Allaríz (Estamento de Clubs).
- C.M.D.C. Breogán do Grove (Estamento de Clubs).
- Bárbara Vázquez Torres (Estamento de Árbitros).
- Paula Rodríguez Reguera (Estamento Deportistas).

Recordase os presentes que rematada esta elección a Secretaría da Mesa, levantara a acta correspondente, e que según se recolle no Regulamento Electoral; a acta exporáse o seguinte día hábil (17 de decembro) no taboleiro de anuncios da Federación e na súa páxina web. Contra esta resolución cabe interpoñer recurso, no prazo de tres días, ante o Consello Galego de Xustiza Deportiva.

O Regulamento e Calendario Electoral marca uns prazos de reclamacións, recursos e a da súa resolución (ata o 27 de decembro). Tras o que a Xunta Electoral procederá á proclamación definitiva do cargo de Presidente da F.G.P. o día 28 de decembro.

Ao día seguinte da proclamación definitiva do cargo de Presidente, e dicir o 29 de decembro; procederá á toma de posesión no seu cargo, do cal levantará acta a Secretaria da Xunta Electoral.

Tras esto, o Presidente electo pide dirixir unhas palabras os asistentes a Asemblea onde agradece o apoio recibido, así como a presenza na Asemblea.

Adiante a súa intención de seguir traballando nos proxectos postos en marcha, así como incidir noutras liñas de traballo como:

- Melloras nas instalacións dos Clubs.
- Buscar solucións a problemáticas para navegar en Galicia.
- Abrir o noso deporte a sociedade, non só competir.
- Seguir e mellorar os estudos no Centro de Estudos Jesús Morlán.
- Sacar rendemento a empresa constituída para as “BasesKDM” e “Senderos de Agua”.
- Dentro do deporte escolar, que se cree unha verdadeira liga escolar na que participen os colexios.

- Reclamar ante as administracións que traten o piragüismo como o que somos, que non nos regalen nada, pero que nos den o que merece o noso deporte. Reclamando que se nos trate con xustiza.
- Os cambios que se veñen de producir a fronte da Secretaría Xeral para o Deporte, non nos afecta, e seguiremos insistindo polo que en xustiza nos corresponde.
- Buscaremos unha declaración especial para federacións en base os seus resultados, o igual que os deportistas teñen a catalogación de DGAN, que se recoñeza a declaración de Federacións de Alto Nivel en base os seus resultados.

Para rematar decindo que o que se acadou o longo dos últimos anos, foi grazas traballo de todos, “eu solo o defendo”.

**Levantase a sesión cando son as 12,05 h., dando fe de todo o recollido e asino como Secretario da Mesa Electoral.**

Pontevedra, 15 de novembro de 2018

Asdo. Ignacio Clavo Iglesias.

Secretario da Mesa Electoral